

## PROPOSTA DIDÁCTICA EDUCACIÓN SECUNDARIA

Esta segunda parte do dossier, composta polas actividades didácticas, está pensada para o voso alumnado coñecer máis de preto a realidade que viven millóns de nenos e nenas que sofren desnutrición. Desta maneira, poderán contarlle ás súas amizades e familiares como van axudar a esas e eses nenos mediante accións solidarias.

Xa que logo, o enfoque metodolóxico consiste en COÑECER outras realidades, COMUNICAR no seu medio e ACTUAR.

Ademais dos obxectivos xerais e específicos, estas actividades e a acción solidaria tamén axudarán a adquirir as competencias recollidas na LOMLOE:

### OBXECTIVOS:

Para poder adoptar este enfoque, presentámosvos unha serie de recursos audiovisuais e propostas pedagóxicas que vos permitirán traballar co alumnado en:

1. Coñecer a situación de vulnerabilidade na infancia (por desnutrición ou conflito)
2. Entender as cifras que fan desta causa un problema global
3. Posicionar o voso alumnado perante o mundo como parte da solución
4. Entender o traballo humanitario para previr e acabar coa desnutrición

Ademais de comprenderen o que é unha causa humanitaria, tamén poderedes traballar co voso alumnado para eles e elas adquiriren conciencia social:

1. Fomentando uns valores de empatía, xustiza e convivencia.
2. Fomentando hábitos saudables e contra o desperdicio de alimentos.
3. Fomentando unha cultura de paz e xustiza social.

“VIDAS QUE PODERÍAN TER SIDO” 12–18 anos. 50 min.

### Obxectivos

- Traballar o relato para expresar emocións.
- Facilitar o diálogo e a reflexión en defensa dos Dereitos da Infancia.
- Promover a creatividade artística e literaria centrada en valores.

### Competencias

O traballo en grupo propicia a análise, a comprensión, a reflexión, a percepción, a interpretación do mundo, a concienciación sobre as diferenzas e dificultades. A participación, a toma de decisións, o razoamento crítico, a actitude construtiva, a posición ética baseada no respecto e a igualdade dos dereitos guía o desenvolvemento do emprendemento e a competencia social e cívica.

### Metodoloxía

No desenvolvemento da actividade combináronse o traballo en pequeno grupo para favorecer así o coñecemento destas realidades e para activar a creatividade e o debate dos participantes.

### Materiales

- Relatos de escritores e escritoras (poden verse en liña ou imprimilos para o traballo en pequeno grupo)

### Desenvolvemento da actividade

#### *Introdución (5 min.)*

O profesor ou profesora explica que Save the Children estivo publicando de forma semanal pequenos relatos de autores e autoras españois que pretenden poñer rostro ós menores falecidos no conflito en Gaza e poñer en palabras o seu sufrimento e os seus medos. Estas emocións resultan ser universais e sen importar o conflito que vivan, a incerteza, a perda e as secuelas son as mesmas para os nenos e nenas. A organización está fundada por Eglyntine Jebb, cuxas frases e imaxe atópanse nos marcapáxinas, tras a Primeira Guerra Mundial, polo que a devastación que produce a guerra na Infancia foi o motor que a levou a se mover polos nenos e nenas máis vulnerables.

*Lemos os relatos (15 min.)*

Dividimos a clase en parellas ou grupo de 3 ou 4 participantes e dáselles varios relatos para que os lean e os comenten. Son pezas breves, polo que poden ler varias cada grupo. Tras esta primeira aproximación, convídaselles a compartir ou explicar algún que lles chamara especialmente a atención ou lles parecera máis chocante.

*Creando o meu relato (30 min.)*

Convídaselles a crear o seu propio relato con total liberdade e tendo en conta a universalidade das consecuencias do conflito para a infancia. Poden, tal e como son os relatos orixinais, centrarse na emoción, expresar a perda ou por nome á personaxe do seu relato. Poden decorar os marcapáxinas cun debuxo inspirado no seu propio relato ou nun dos relatos que leran.

## Avaliación

Ó finalizar a actividade poden considerar algunhas preguntas para a reflexión en grupo:

- Como te sentiches lendo os relatos?
- Cres que é máis difícil expresar con palabras as emocións ou co debuxo?
- É necesario coñecer historias concretas para non insensibilizarnos ante os números?

### Anexo III: “Mesa de diálogo”

“Es un pai de Somalia. Este ano tiveches que desprazarte dúas veces ao centro médico que está a 70 km porque dous dos teus fillos estaban deshidratados por mor da diarrea que sufrían. Cando chegastes ao centro de saúde dixéronvos que só había medicinas para atender a un deles”.

“Es un pastor de cabras en Somalia e case todo o teu gando morreu. Nos últimos anos hai carencia de auga provocada pola seca”.

“Es un político de Somalia e preocúpache moito a inestabilidade política e as revoltas no país. O orzamento para paliar as graves necesidades de alimento, auga e saúde de gran parte da poboación é insuficiente”.

“Es un médico de Somalia. Ao teu centro de saúde chegan cada vez máis nais cos seus bebés afectados por desnutrición que veñen desde moi lonxe. O problema é que moitas veces non tes medicamentos para poder tratalos”.

“Es una mestra de Somalia. A meirande parte das cativas e cativos que asisten á escola non teñen alimentos abondo nas súas familias, a desnutrición é un gran problema. Dáste conta de que moitos teñen baixo peso e ademais cústalles seguir o ritmo das clases porque o seu nivel de atención é moi baixo”.

“Es unha nai de Somalia que ten 3 fillos e 2 fillas. A túa filla maior ten 7 anos. Todos os días desprázase a 6 kilómetros para traer auga potábel á familia”.

“Formas parte do goberno do teu país. Ademais de preocuparte polas cuestións que afectan aos cidadáns do teu país, cres que cómpre loitar para que as persoas doutros países con menos recursos e máis dificultades poidan vivir dignamente. Por iso tratas de dar a coñecer no teu país a importancia da cooperación internacional e destinar axudas a países como Somalia”.